

NEGOCIACIÓN DO VIII CONVENIO COLECTIVO DE COLEXIOS MAIORES UNIVERSITARIOS

O pasado 31 de maio de 2018 constituíuse a mesa negociadora do VIII Convenio colectivo de colexios maiores universitarios, na que CCOO é a terceira forza sindical cun 21,08 % de representatividade. Ata o momento mantivéronse catro reunións.

Desde a primeira xuntanza, CCOO e o resto de sindicatos manifestamos os aspectos prioritarios para negociar:

1. En materia de **clasificación profesional**, propuxemos modificar e revisar algúns postos de traballo que foron conflitivos pola súa ambigüidade na redacción.
2. En relación co **ámbito temporal**, inicialmente propuxemos un acordo para tres anos nos que se negocien e publiquen táboas para todos os anos de vixencia do novo convenio. Consideramos indispensable que o ámbito temporal e o ámbito salarial coincidan, de xeito que se blinden os salarios e non se volvan producir anos de perda salarial.
3. En **materia salarial**, recuperación do poder adquisitivo dos anos en que quedaron conxelados os salarios, e para 2018, 2019 e 2020 subas similares ao acordado no AENC. Estaríamos falando de subas de entre o 2 % e 3 % para cada ano. Creación de novos complementos especiais e complementos (de quendas, de festividade...).
4. En relación cos **descansos semanais**, demandamos que pasen a ser de dous días que se aproveiten de maneira consecutiva e que, polo menos unha vez ao mes, coincidan coa fin de semana, especificando «sábado e domingo».

Tamén manifestamos a necesidade de revisar e mellorar aspectos en materia de permisos e licenzas, establecer un sistema de bolsas para fillos/as do persoal que cursen estudos nas universidades ás que están adscritos os colexios maiores e a eliminación no texto do convenio de «a xuízo do empresario», entre outras demandas.

Pola súa parte, o banco patronal considerou excesivas as nosas peticións, malia que lles demos prioridade ao longo das reunións ás que coidabamos máis relevantes, como son as relativas a salarios, clasificación profesional e descansos.

Mostráronse inmovilistas desde o inicio das negociacións, manténdose na postura de non negociar táboas salariais con carácter retroactivo e propondo un convenio cos mínimos retoques e unha suba que non supere o 3 % repartido entre os dous primeiros anos de vixencia do convenio, deixando o ano 2020 por negociar, de se acordar a vixencia para tres anos.

Ante a falta de avances no proceso negociador e vendo que as posturas están moi distantes para alcanzar un acordo, comprometémonos a buscar fórmulas de achegamento antes de fixar unha nova data de reunión da mesa negociadora.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrecrán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

